



JOSEMA: "FOMOS MOI COMPLETOS E CREAMOS MOITAS OCASIÓNS"

Volveu á senda das vitorias o Numancia infantil ante o Cultural Maniños nun partido xogado no campo Municipal de Os Pinares debido ao mal estado do campo de fútbol de O Pote de Maniños.

Perlio, 1 de marzo de 2015.

Partido correspondente á 16ª xornada da Liga Infantil Pizza Movil grupo 3º, disputado na mañá do domingo no campo Municipal de Os Pinares de Perlío ante numerosos espectadores de ambos equipos.

FICHA TÉCNICA:

C. MANIÑOS: Adrián, Fran, Miguel (C), Yago (Victor), Héctor, Mateo, Pablo, Jesús (Alberto), Caio, Adri e Juan.

Adestrador: Fabio Lourido Menaya.

Delegado: Jorge Quintiá Castro.

NUMANCIA: Emilio, Naím (Josema), Jaime, Borja, Fran, Pablo Vascós, Mario (Manu), Dani (C), Iván, Martín e Adri (Raúl).

Adestrador: Jorge Martínez Varela.

Delegado: José Antonio Martínez Villar.

COLEXIADO: D. Jose Priegue Leis. Sen incidencias.

GOLES:

0 - 1 (MARTÍN): Xogada de ataque do Numancia na que Iván asiste a Martín para que este supere a Adrián de forte disparo (minuto 67).

Esta semana o xogador zurdo de segundo ano, Josema Loureiro fai as valoracións do partido:

COMENTARIOS DE JOSEMA:



1. A XOGADA DO PARTIDO: “A mellor xogada do partido foi a xogada do gol, gran pase e posterior trallazo de Martín á escuadra.

2. CLAVE: “A clave foi o seu porteiro, pois atallou a maioría dos nosos disparos. Puido ser un resultado mais amplo. Podemos salienta o gran labor dos nosos centrais.”

3. ACTUACION PERSOAL: “Non estou satisfeito, pero ha que contar que veño dunha lesión, polo tanto non puiden dar todo o que quixera.”

4. O EQUIPO: “Fomos moi completos, presentamos moi ben o partido, xeramos ocasións e aguantamos ben a presión do Maniños.”

5. O RIVAL: “Tiñan 3 puntos claves, o seu central Héctor, o número 5, que era moi alto e dominaba o xogo aéreo; o seu capitán, Miguel, un gran xogador, distribuidor de xogo; e, por último, o número 7, Pablo, que tivo oportunidades ben freadas pola defensa e polo noso meta Emilio.”

A próxima xornada o Numancia recibirá en Prados Vello ao quinto clasificado, o Amistade Meirás.

[Pulsa no seguinte enlace para ver os resultados, clasificación e fichas técnicas da xornada.](#)